

# O Selo de D. Xaquín Lorenzo Fdez.



O selo dedicado a D. Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas", viu a luz o 23 de xuño de 2007, co gallo da conmemoración do I Centenario do seu nacemento. É o primeiro selo personalizado promovido pola "Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño" de Ourense, sociedade que ten a honra de contar co ilustre etnógrafo ourensán como cofundador sendo o primeiro secretario da mesma.

A presentación oficial fíxose no "Salón Noble" do Liceo Ourense ante a presenza de compañeiros, amigos e admiradores de D. Xaquín e a súa obra; estivo presidido polo Alcalde da cidade D. Francisco Rodríguez.

O selo foi solicitado a Correos despois de ter realizado un rexistro na citada entidade e aceptá-las condicións legais que regulan ese servizo. O produto final xerado ten a denominación comercial "Tu Sello" marca rexistrada por Correos na Oficina Española de Patentes e Marcas.

A imaxe elixida enviouse en formato dixital tal e como indican as normas.

A empresa procede á validación da imaxe enviada coa finalidade de que o contido de estes signos de franqueo respondan ós requisitos establecidos: non deben ser imaxes que atenten contra a moral, os bos costumes e a orde pública, que respecten os dereitos fundamentais e as liberdades públicas e que non exalten delitos ou discriminen por sexo, raza ou relixión.

Tampouco se validan as propostas de contido que constitúan publicidade ilícita ou atenten contra a propiedade intelectual ou industrial. Deben ser imaxes cun sentido positivo, coa excepción de aqueles selos dedicados a campañas de loita contra enfermidades ou males persoais e sociais.

No noso caso, a parte fundamental da imaxe está baseada nunha fotografía de D. Xaquín Lorenzo que se atribúe a Fernando del Río e que se atopa no Museo do Pobo Galego<sup>1</sup>; nela eliminouse o fondo para que se integrase no conxunto dun xeito máis efectivo. Aparece Don Xaquín con traxe e gravata escudado nunhas gafas escuras; para a maioría dos membros da

1. Información obtida do libro Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989, Unha vida dedicada á Nosa Cultura do autor Clodio González Pérez.



Sociedade esta era a imaxe del que máis lembraban.

Sobre ela aparece un recadro de fondo degradado sobre o que está impreso o texto:

**I Centenario 1907-2007  
Xaquín Lorenzo Fdez.**

En vertical e de xeito ascendente está a palabra Xocas feita de xeito que o "O" que aparece nela é a roda dun carro por ser o

obxecto que chamou a súa atención ós 16 anos e que o acercou á cultura tradicional; foi un tema preferente na súa obra ó que volvería en moitas ocasións.

A cor que domina o selo é o sepia por consideralo apropiado á época na que a D. Xaquín lle tocou vivir.

Este tipo de emisión filatélica denominada "Sello Personalizado" é regulada pola resolución conxunta dos Ministerios de Fomento e de Economía e Facenda con data do 20



I Centenario 1907-2007  
 Xaquín Lorenzo Fdez.  
 Ourense, 23 de junio de 1907  
 † Facós, 18 de julio de 1989

de decembro de 2006, publicada no BOE nº 312 do 30 de decembro de 2006.

Os selos, segundo a resolución 23025 do 20 de decembro de 2006, preséntanse en pliegos de 25 unidades, cun tamaño de 297 x 210 mm (UNE A4E), cun tamaño individual de 40,9 x 28,8 mm vertical ou horizontal, dentado<sup>2</sup> de 13 ¾, realizados en offset a cuatricomía con cornamusa fosforescente que non se aprecia a simple vista localizada na parte superior.

O valor de franqueo do selo, coma o de tódolos selos personalizados ata agora, equivale á tarifa de carta ou tarxeta postal nacional normalizada de ata 20 gramos expresado coa letra "A" (0,30 € para o ano 2007), aínda que o peticionario ten que pagar un prezo moi superior que inclúe os gastos de produción, impresión e manipulación e mailos de envío a domicilio que son aboados no momento da solicitude.

Tódolos modelos de selos personalizados manterán indefinidamente o seu valor a efectos de franqueo, agás que se dicte disposición na que se indique o contrario.

No proceso de produción intervén a "F.N.M.T.<sup>3</sup> - Real Casa de la Moneda" que imprime os pliegos sobre os que logo se estamparán as diversas imaxes.

Estes selos autoadhesivos manteñen a calidade común a tódolos producidos pola F.N.M.T. cumprindo con tódolos requisitos e garantías de seguridade propios dos efectos de franqueo.

Na cabeceira do pliego inclúese o logotipo de "TU SELLO" por duplicado e un texto no centro que o personaliza:

I CENTENARIO XAQUÍN LORENZO FDEZ  
 Ourense 23-6-1907-Facós 18-7-1989

resaltando así o lugar e a data de nacemento e falecemento do ilustre etnógrafo.

O Corpo do pliego inclúe 25 selos autoadhesivos troquelados en 5 filas.

No pé aparecen uns díxitos que indican e identifican o mesmo e debaixo a data na que se cumpre o centenario, **23/06/07** situándose ós dous lados o anagrama de Correos.

2. O dentado dun selo indícase filatélicamente por unha cifra que corresponde ó número de dentes que hai en dous centímetros; pódese medir cun odontómetro.  
 3. FNMT: "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre".

Como elementos identificativos inclúen ademais do valor "A" as palabras "España" e "Correos" que ocupan a cuarta parte (10 x 28,8 mm ), quedando o resto do espazo libre para incorpora-la imaxe personalizada elixida.

## PEZAS FILATÉLICAS

Ademais do selo personalizado, a Sociedade puxo en circulación dúas pezas filatélicas asociadas co evento:

Sobre ilustrado coa figura de D. Xaquín e que no seu reverso leva o seguinte texto:

SOCIEDAD FILATÉLICA,  
NUMISMÁTICA Y VITOFÍLICA  
"MIÑO" de OURENSE

D. Xaquín Lorenzo Fdez., "Xocas", nació en Ourense el 23 de junio de 1907.

Etnógrafo, arqueólogo, profesor, historiador, dibujante, fotógrafo, filatelista;

Miembro de la Real Academia Gallega, cofundador del "Museo do Pobo Galego", del Colegio Cardenal Cisneros y de la Sociedad Filatélica, Numismática y Vitofílica "Miño" de Ourense de la que fue su primer Secretario. Especialista en la cultura popular gallega.

Día de las Letras Gallegas 2004.

Tarxeta Máxima: Está composta por unha tarxeta, un selo e un cuño que teñen que ter coincidencia e cumprir o regulamento marcado na Maximofilia<sup>4</sup>.

Neste caso, a tarxeta conta coa imaxe de D. Xaquín (en posición invertida respecto



da do selo), sobre a que figura a palabra "Xocas"; todo isto apoiase nun recadro no que aparece:


**I Centenario 1907-2007  
Xaquín Lorenzo Fdez.**

enmarcado cunha pedra como mostra do seu amor a arqueoloxía.

O selo xa o temos descrito e a cancelación faise cun cuño fechador ordinario en verde, a cor da nosa terra, correspondente a oficina principal da cidade que o viu nacer.

Con isto a Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño pretende sumarse a serie de actos de homenaxe á figura e obra de Don Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", no ano do Centenario do seu nacemento.

4. Maximofilia é a rama da filatelia que se ocupa do estudo das tarxetas máximas.



**XOSÉ ARTURO FERNÁNDEZ ARAUJO**

Ourense, 1954

Técnico especialista en delineación. Participación no 1º Congreso Europeo do Hórreo en Santiago de Compostela, Outubro, 1985. Exposicións de maquetas e fotos de hórreos:

1. Colaboración con maquetas propias na Exposición: "As construcións Adxetivas na Arquitectura Rural", Outubro 1985. Organizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza, di-

rixida por D. Pedro de Llano e celebrada no Museo do Pobo Galego.

2. Exposición en Xuño de 1987 na Sala de Exposicións de Caixa Ourense, patrocinada pola Excm. Deputación Provincial de Ourense.

3. Exposición en Outubro de 1987 no Aula de Cultura Banco Bilbao, en Vigo, patrocinada pola "Asociación de amigos de los pazos".

4. Exposición dentro das actividades paralelas do Festival Folk "Domingos de Santo Estevo", celebrado en Agos-

to de 1996 no Mosteiro de Santo Estevo -Ourense- e patrocinada pola Excm. Deputación Provincial de Ourense.

5. Exposición durante as Festas de Esgos 1997, Ourense, en agosto de 1997 na sala de usos múltiples (Centro de Saúde de Esgos).

6. Exposición permanente de 14 maquetas de hórreos no Pazo de Vila-marín, propiedade da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

7. Sala de exposicións do concello de Carnota (A Coruña).

8. Exposición permanente no Centro Cultural Deputación Ourense.

9. Exposición no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo.

10. Exposición itinerante na provincia de Ourense "Hórreos e conservación".